



ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Luis M^a Muiños Vidueira (Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta), en substitución, por ausencia de José A. López Rodríguez

VOCAIS

Dn. Alfonso Castro Carrera
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)

VOCAIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE CURRO, DO CONCELLO DE BARRO

D. Miguel A. Maquieira Cancela
D. Casiano Falcón Mouriño

SECRETARIA

Dna. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra dictou a seguinte RESOLUCION:

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día dous de xuño do dous mil cinco, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, réunese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "*Louroso e outros*" da CMVMC de Curro, do concello de Barro.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 22/03/04, D. Miguel A. Maquieira Cancela, solicita a clasificación como veciñal en man común dos montes "*Louroso e outros*" da parroquia de Curro, do Concello de Barro.

SEGUNDO.- En sesión celebrada en data 28/04/04, o Xurado Provincial acordou a incoación do correspondente expediente e a súa remisión ó Servizo de Montes e Industrias Forestais para a realización do informe preceptivo.



NOME DO MONTE: “Val de Nogueira”

Cabida: 0,18 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Finca particular de Manuel Sabarís Sabarís

Sur: Finca particular de Viceente Mallo Bouzas

Leste: Camiño de servizo e finca particular de Antolín Rodríguez Ares

Oeste: Camiño a *ponte de Valiñas*

Servidumes e ocupacións:

Non hai

NOME DO MONTE: “Revolta”

Cabida: 0,65 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Estrada C-531 de Pontevedra a Vilagarcía de Arousa

Sur: Camiño de *Revolta* e fincas particulares de Manuel González Maquieira e Falcón Mouriño Castaño

Leste: Finca particular de “Talleres Prado” e Aurita Casas Pintos

Oeste: Finca particular de Sara Mouriño Magdalena

Servidumes:

Pista asfaltada, senda e liña eléctrica que coincide no trazado cos pista asfaltada

QUINTO.- Do mesmo xeito, consta no expediente escrito de alegacións formuladas e presentadas respectivamente polo Concello de Barro e a CMVMC de Portela, no que manifestaron o que no seu dereito lles conviña.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñece-los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.



TERCEIRO.- Tal como consta no expediente, aportouse por parte da Xefatura do Distrito XIX Caldas-O Salnés, informe referente á clasificación dos montes: Louroso, Debaixo do Barreiro, Valiñas, Val de Nogueira e Revolta.

CUARTO.- Vistos os informes previo e preceptivo e demais proba documental, os montes obxecto do presente expediente da clasificación, obedecen á seguinte descripción:

CONCELLO: BARRO

PARROQUIA: CURRO

NOME DO MONTE: "Louroso"

Cabida: 4,07 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Fincas particulares de Dolores Fernández Veloso e Manuel Outeda Sabarís

Sur: Camiño de Louroso e fincas particulares de Tomás Maquieira Outeda, José Núñez Sartal, José Touriño Güimil e Claudina Magariños Caramés

Leste: Fincas particulares de José Manuel Abollo Puente, Claudina Magariños Caramés, José Fariña Diz, Tomás Sabarís Villaverde e Divina Magariños Veloso

Oeste: Río Valiñas e parroquia de Santo Tomé de Nogueira (concello de Meis)

Servidumes:

Camiño para acceso a fincas particulares

Ocupacións:

Muiño tradicional en ruínas de titularidade compartida entre veciños

NOME DO MONTE: "Debaixo do Barreiro"

Cabida: 0,38 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Fincas particulares de Josefa Pazos García

Sur: Fincas particulares de Manuel Emilio Güimil Bemposta

Leste: Fincas particulares de Peregrina Villa Arcos, Peregrina Pazos Sabarís, María Arcos Padín, Encarnación Villaverde e Rosa Lucio Nieto

Oeste: Río Valiñas e parroquia de Santo Tomé de Nogueira (concello de Meis)

Servidumes e ocupacións:

Non hai

NOME DO MONTE: "Valiñas"

Cabida: 0,05 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Finca particular de Ramón OIijo Fernández

Sur: Finca particular de José Magdalena Outeda

Leste: Fincas particulares de Josefa Pazos García e outros

Oeste: Río Valiñas e parroquia de Santo Tomé de Nogueira (concello de Meis)

Ocupacións:

Muiño tradicional en ruínas de titularidade compartida entre veciños



Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais; característica dos montes veciñais que como xa ten dito o Tribunal Supremo na sentenza do 24/04/2000 e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, constitúe unha clara referencia a un período temporal de presente e non dun pasado máis ou menos remoto.

Terceiro.- Que solo parcialmente poden ser admitidos os criterios dos comparecentes, han de ser clasificados como veciñais en man común aqueles en que concorran o aproveitamento comunal consuetudinario e non poden ser clasificados aqueles outros utilizados para fins distintos e incompatibles co uso comunal do vecindario.


En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR os montes denominados “*Louroso*” e “*Debaixo do Barreiro*” a favor da CMVMC de Curro, do concello de Barro de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución. E parcialmente o monte denominado “*Revolta*” na parte que se corresponde coa parcela catastral 423 do polígono 23.

NON CLASIFICAR os montes denominados “*Valiñas*” e “*Val de Nogueira*” por non reuni-los requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989 e

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





| | | | |
|---|---|---|---|
|  | MONTE "LOUROSO" SUP. = 4,07 ha. Aprox. |  | MONTE "DEBAIXO DO BARREIRO" SUP. = 0,38 ha. Aprox. |
| | |  | MONTE "REVOLTA" SUP. = 0,42 ha. Aprox. |